

# SOBRE OS ALCUMES DA PARROQUIA DE SAN VICENTE (O GROVE)

Por: Xosé Fuentes



Cóntase no Grove, pobo de mar que hai tempo, cando os mariñeiros eran de dorna e chalana... nun día sen vento, de néboa mesta, calma chicha, un silencio inquietante; só se ouvían os suspiros do mar. Dous veciños en cadansúa dorna, sen ver diante máis aló de dous metros pola proa, saíran a pescar. Faciano por intuición, non porque souberan a onde os ía a levar a aventura. Non sabía un doutro.

O día estaba pintado desa cor indefinida da néboa e eles habitaban aí. De súpito, un deles pareceulle ouvir un *shaff!!!* dos remos ao penetrar no mar e, ocorréuselle saudar ao compañoiro imaxinario:

— Ola Francisco!!

A resposta:

— Que tal Lois!!.

O *shaff!!!* dos remos foise esvaecendo ate retornar o silencio. As néboas eran persistentes cando a calma estaba asentada.

Ao seguinte día, repetiuse a situación. O *shaff!!!* dos remos ao fender o mar:

— Ola Francisco!!

— Que tal Lois!!

As dúbdas, case sempre inoportunas, queren certezas.

Dixo o Lois:

— Eu, non son Lois.

— Eu, tampouco son Francisco.

Do fondo da néboa, chegou a resposta:

— Logo, non somos nós!!!

Vén isto a conto de como nos identificamos, cada un da si mesmo e, tamén aos demás.

Na parroquia de S. Vicente os alcumes non son de “escarnio e maldizer” como noutros lugares. A toponimia e a metonimia están inseridas na identidade dun xeito rotundo.

Estas comunidades pequenas nas que se vive da mesma maneira, teñen os mesmos traballos, sementan as terras, podan as viñas, esperan que o tempo sexa o axeitado na espera das colleitas,... Non hai competencia, coñécense todos, son solidarios (xa foron máis). Non queda espazo para fantasía satírica.

Fago un percorrido: Os da Pereiriña, os do Casal, os de Cousido, os do Alto, os de Couprín, os de Temperán, os de Cacheirás, os da Granxa, os de Area, os de Riba, os dos Cons, os dos Quinteiros, os de Pelonia, ...

Hai algunha illa polo medio que non leva o topónimo: as Costas, os de Marina, os Xenerales, os dos Rapaces, Rañados e algunha outra anécdota.

Esta realidade é común a moitas aldeas da nosa terra. A veciñanza de S. Vicente, e doutros lugares, saben de que falo.

Se preguntamos aquí, en S. Vicente, por Xoán Santaia, terán que pensar quen vén sendo e poida que haxa quen non o saiba. Se pregunto por “Couprín”, todo deus sabe quen é.

O paradigma da cousa poida que sexa un home que ten sona no mundo do dereito (é doado identificalo). A nai é do Alto. El non naceu onde a súa nai pero... identificámolo durante moito tempo co topónimo materno: José o do Alto agora (J. Avelino Ochoa).



Lugar de Cacheirás. (Os de Cacheirás)



Casa do Alto. (Os do Alto)

ces e rematen escarneidas co desleixo do esquecemento.

Daquela irá esmorecendo a enerxía, a fermosa toponimia que sustenta a nosa identidade e fragancia sonora dos nomes. Mudaremos para unha lista de enderezos. Non seremos de ningures.

Na última hora, na necrolóxica do pasamento, identificaremos ao finado polo alcume.



A Granxa. (Os da Granxa).

Cando andabamos na procura de alimento para os miolos e para o espírito cos estudos, en tempos remotos, todo era complicadísimo de comprender.

A idea era que iso fora inventado por homes de letras, gramáticos, filólogos, xentes de moita sona e, máis os gregos. Resulta que as metonimias veñen sendo creacións espontáneas de grupos sociais para identificarse e non ter que andar co santoral ao lombo.

Dicía que non hai alcumes de escarnio, si que hai os arremedos a algúns que ten unha eiva na fala que o diferencia sempre de xeito discreto para non ferilo.

Así as cousas, na parroquia de S. Vicente, todos estamos enraizados no lugariño onde nacemos, no berce, na patria. Esta comunidade non deu máis de si, mágoa será cando non se reguen as raízes e rematen escarneidas co desleixo do esquecemento.